


cooperación pobo a pobo



70

revista periódica · decembro 2018

A NOVA ONDA FEMINISTA

BERTA CÁCERES: HOUBO UNHA SENTENZA, PERO NON XUSTIZA
GUATEMALA: ANHELOS DEMOCRÁTICOS E RUÍDO DE SABRES

SUMARIO

3 A nova onda feminista que vén dende o Sur: irrupción, memoria e esperanza

5 Guatemala: anhelos democráticos e ruído de sabres

7 Caso Berta Cáceres: houbo unha sentenza, pero non xustiza

9 Honduras e a necropolítica

11 Nova campaña europea contra a ditadura das multinacionais



13 San Salvador, 26 anos de paz

14 25º aniversario das Delegacións Solidarias

17 Liberdade significa movemento

18 Cidades vivibles dende a diversidade que as habita

. Rompeuse o silencio fronte as agresións sexuais grazas a un modelo de acción colectiva exitoso, baseado en alianzas transversais e inclusivas entre mulleres de diferentes idades, procedencias, orixes e clases sociais

Temos o deber de posicionarnos e de saír en defensa dos nosos dereitos, temos o compromiso e a responsabilidade de exercer como persoas sociais e políticas activas

Nos últimos anos, traballamos na defensa dos dereitos das persoas migrantes, no dereito de calquera persoa a desprazarse libremente, en contra das devolucións en quente e a favor do peche dos CIES

EDITA
Entrepobos · Asociación declarada
de utilidade pública UP-78093-SD
DESEÑO E MAQUETACIÓN
Esteva&Estêvão

DEPÓSITO LEGAL
B-21094-89
Entrepobos non se identifica
necesariamente coas opinións
expresadas nos artigos do presente boletín

FOTO DA PORTADA
Mobilización diante do congreso en Buenos
Aires, para a legalización do aborto
Autoría: Pura data



AXÚDANOS A INCORPORAR A ENTREPOBOS NOVAS SOCIAIS E SOCIOS

ASÓCIACHE E COLABORA ACTIVAMENTE Boletín de subscrición na contraportada

Necesitamos o teu apoio para crecer e seguir garantindo a nosa acción solidaria
con **AUTONOMÍA e INDEPENDENCIA**



A nova onda feminista que vén dende o Sur: irrupción, memoria e esperanza

Judith Muñoz Saavedra

activista, investigadora e docente chilena

O 29 de setembro de 2018 o movemento Ele Não (“El Non”) invadía as rúas de diferentes cidades de Brasil para rexeitar as ideas misóxinas, homofóbicas e racistas do ex-militar e, daquela, candidato presidencial da ultradereita Jair Messias Bolsonaro

Ante a pasividade, desorientación e inmovilismo das elites políticas tradicionais, eran as *Mulheres Unidas Contra Bolsonaro* as que se puñan á fronte das manifestacións e lideraban a defensa dos dereitos humanos e as conquistas sociais. Consegúan, así, remover a sociedade brasileira e enviar unha mensaxe de advertencia ao mundo enteiro fronte ao perigoso avance e fortalecemento do neofascismo.

A imaxe das mulleres apoderándose das rúas tamén se fixera visible meses antes en Arxentina e Chile. Entre xuño e agosto as redes sociais inundáronse de panos verdes en apoio ás mulleres arxentinas que saíron á rúa para esixir o seu dereito ao aborto legal, seguro e gratuito. As manifestacións de solidariedade, que se sucederon en distintas cidades do mundo, e a emotiva mensaxe de apoio das milicianas das Unidades de Autodefensas Femininas Kurdas (YPJ) puñan de relevo, unha vez máis, a enorme capacidade dos feminismos do Sur para romper fronteiras e construír alianzas internacionalistas fronte ao patriarcado.

A histórica vixilia que congregou a máis dun millón de persoas nas portas do Congreso Arxentino, mentres se debatía a lei de interrupción voluntaria do embarazo, foi a expresión culminante da forza dun movemento que fora en aumento co paso do tempo. As feministas arxentinas lembran que, en 1986, preto de 1.000 mulleres acudiron ao primeiro Encontro Nacional de Mulleres; mentres que o último, realizado en Trelew- Patagonia, congregou a máis de 65.000. Sen dúbida, o movemento feminista está en auxe, pero tras del hai unha xenealoxía de mulleres e décadas de loitas. Porque en Arxentina, é impo-

sible entender o poderío actual do activismo sen regresar ás grandes mobilizacións do ano 2015 que, tras a consigna “Nin Unha Menos”, esixían a fin da violencia de xénero e os feminicidios; ou sen lembrar ese grupo de nais que, en 1977, en plena ditadura militar, ataron un pano branco na cabeza e acudiron á Praza de Maio para reclamar a aparición con vida dos seus fillos/as desaparecidos/as.

Un pouco antes das mobilizacións arxentinas, no mes de maio, era a imaxe dun grupo de mulleres chilenas danzando encapuchadas e cos peitos ao descuberto a que daba a volta ao mundo. Era a expresión máis chamativa dunha masiva manifestación na rúa contra a violencia sexual e de dúcias de accións que mantiñan paralizados centros educativos e facultades de diversas universidades do país. As protestas comezaran no mes de abril na universidade Austral despois dunha denuncia de acoso sexual, que se sumaba a dúcias de casos similares, noutras universidades, que permanecían en total impunidad. E agudizáronse, tras a violación e asasinato dunha nena de 2 anos e a violación múltiple dunha moza por parte dun grupo de seareiros dun popular equipo de fútbol, nun caso que se coñeceu como “a manada chilena”.

“Mátannos, violánnos e ninguén fai nada”, berraban as chilenas nas rúas, ao mesmo tempo que nas asembleas estudaban e debatían sobre feminismo. Deste xeito, e nun feito sen precedentes, o “maio feminista” chileno lograba romper o cerco moral e o silencio cómplice das elites conservadoras conseguindo que a educación non sexista e a violencia sexual se convertesen no principal tema de debate mediático, político





e académico durante semanas. Ademais, forzaban ás autoridades universitarias a deixar de encubrir a cultura da violación obrigándolas a comprometerse na creación de protocolos para sancionar e prever o abuso sexual. Unha vez máis o importantísimo movemento de estudantes de Chile, o único actor social que conseguira remover as bases do modelo neoliberal chileno dende o retorno da democracia, facía cambalear os alicerces do país, pero desta volta a transformación estaba liderada por mulleres con demandas claramente feministas e anticapitalistas, capaces de interpelar o conxunto da sociedade.

Porén, a efervescencia das loitas feministas non é o único que teñen en común estes 3 países. Ademais da súa herdanza colonial Arxentina, Brasil e Chile, o ABC de América latina, comparten estados dismantellados polas reformas neoliberais, enormes desigualdades na distribución dos ingresos e unha esgazadora historia de ditaduras militares. Ao que, ultimamente, se suma o auxe de influíntes fundamentalismos relixiosos e poderosas campañas de desinformación e manipulación da verdade ao servizo da extrema dereita.

O panorama é desolador porque, igual que en Europa, nos tres países existe unha crecente incapacidade das elites políticas e dos actores sociais tradicionais de canalizar a frustración de millóns de persoas fronte ás consecuencias do capitalismo extractivista, interpretar as súas demandas e construír alternativas que sexan quen de disputar a hexemonía dos sectores conservadores, cada vez máis autoritarios, intolerantes e perigosos. Neste complexo contexto moitas miradas se dirixen cara o movemento feminista reconecendo nel unha forza capaz de disputar o relato hexemónico, tensionar o neoliberalismo, enfrontar o neofascismo e cambiar o escenario político de América Latina.

Efectivamente, as experiencias de Arxentina, Brasil e Chile permiten vislumbrar a irrupción dunha nova e vizosa onda feminista, nacida no sur e capaz de pór en evidencia as estreitas relacións entre capitalismo, patriarcado e fascismo. Elementos constitutivos das

ditaduras cívico-militares que xa tiveron que enfrontar as feministas de finais do século pasado. Porque esta nova onda feminista é, tamén, continuidade dunha historia de resistencia, desobediencia e loitas compartidas. E é froito do rigoroso e arduo traballo levado a cabo por activistas e organizacións feministas, en tempos onde ser feminista era un estigma e non estaba en absoluto de moda. Quizais por iso, **as mozas que hoxe saen á rúa berran que son fillas e netas daquelas bruxas que non puideron queimar e reconecen, co xesto político e simbólico de levar un pano, a memoria histórica feminista.**

As últimas mobilizacións demostraron unha grande capacidade para aglutinar, mobilizar e politizar a mulleres e homes. Rompeuse o silencio fronte as agresións sexuais grazas a un modelo de acción colectiva exitoso, baseado en alianzas transversais e inclusivas entre mulleres de diferentes idades, procedencias, orixes e clases sociais. A forza conseguida é esperanzadora, pero un dos grandes riscos que enfronta o movemento é que este triunfe pola tendencia á alza do feminismo e o seu éxito en redes sociais, e que termine por simplificar a mensaxe e por despolitizar as demandas, transformándoas en obxectos de consumo ou consignas baleiras afastadas da raíz radical e crítica que as orixinou, ata convertelas nunha tecnocracia de xénero á usanza do feminismo liberal.

Ao seu favor, o feminismo latinoamericano ten como selo a súa conexión cos problemas e necesidades reais das mulleres e o seu afastamento das retóricas posmodernas e esencialistas que abundan no feminismo eurocéntrico. Tamén se nutre das experiencias de opresión, racismo e invisibilización que sofren, a diario, os miles de mulleres que tiveron que migrar a países do norte. Por iso, en liña co manifesto: *"Un feminismo para o 99%"* que asinaron activistas e intelectuais como Angela Davis, Zillah Eisenstein ou Nancy Fraser para a Folga do 8 de Marzo en Estados Unidos, as chilenas Luna Follegati e Daniela López formulan que un feminismo que pretenda constituírse en movemento social e alternativa ao feminismo liberal debe ser de fundamentalmente de clase, popular, antirracista, inclusivo e diverso.

Iso supón asumir enormes desafíos. Por unha parte, é necesario ampliar o marco de debate a todas as violencias machistas (física, psíquica, sexual, económica, estrutural, social, cultural e/ou simbólica) e incorporar outras problemáticas que define a economía feminista como a crise dos coidados, a explotación, a precariedade, a subordinación, a división sexual do traballo ou o saqueo da natureza. E, por outra parte, é preciso contextualizar temas como a violencia sexual e o aborto, no marco das dinámicas capitalistas e coloniais que crean as condicións para existan as opresións de xénero, raza, clase e orientación sexual. Nesta liña debater, por exemplo, sobre as relacións entre aborto, racismo e clase social no espazo público pode contribuír á ruptura dos paradigmas culturais e económicos nos que se sustenta a desigualdade. Todo iso sen perder a pluralidade do movemento, evitando a súa fragmentación e sen renunciar ás particularidades de cada contexto.

O escenario actual é perigoso, **as narrativas de odio anti-feministas que propaga a ultradereita polo mundo exixen a berros construír redes internacionalistas**, enfrontar as disputas que atomizan o feminismo, expandir a ética da sororidade e practicar o coidado. O que me fai lembrar a Alain Touraine, que hai un par de anos nun encontro organizado por chilenos/as en Barcelona, nos dicía referíndose ao feminismo: "só os movementos sociais radicalmente éticos e democráticos terán transcendencia". Entón, en tempos obscuros toca mirar, escoitar, acompañar, aprender dos feminismos do Sur e non perder a esperanza. 🧠





Guatemala: anhelos democráticos e ruído de sabres

Rosalinda Hernández Alarcón

periodista mexicana, residente en Guatemala,
integrante da Asociación Feminista La Cuerda

En Guatemala vívese unha encrucillada porque está en xogo avanzar nas demandas democráticas ou inhibir as liberdades políticas, mediante a debilitación do sistema de xustiza e os discursos repletos de diatribas do presidente da República, Jimmy Morales, quen pretende impór o pensamento pentecostal como posición de Estado e manter as prácticas que estimulan o saqueo do erario público

Dunha banda, están as forzas conservadoras que recorren por todos os medios a manter as fontes de financiamento ilícito e exacerbar as posturas reaccionarias que violentan dereitos democráticos conquistados; e, por outra, diversidade de grupos que demandan continuar a loita contra a corrupción e a impunidade, así como defender a laicidade e a función do ben común que corresponde ao Estado.

Esta confrontación de posicións toma forma nun contexto no que altos funcionarios públicos e privados cuestionan resolucións da Corte de Constitucionalidade (CC), cuxos dictames deben ser acatados xa que é a máxima institución do ordenamento xurídico guatemalteco; proliferan as descualificacións e a criminalización de voces opositoras; **engabétanse iniciativas de lei progresistas, reactivan controis militaristas e reprime o movemento indíxena e campeño**, principalmente.

PRESIDENCIA DA REPÚBLICA DE CORTE EVANXÉLICO

A pesar de que a Constitución Política de Guatemala establece a liberdade de crenzas e de que ten subscrito convenios internacionais que recoñecen os dereitos das mulleres e da poboación LGBTI, o mandatario Morales e dirixentes do seu partido reivindicán as súas convicións relixiosas mentres actúan na súa función pública.

Custe o que custe pretenden descualificar as posicións emancipadoras nun país no que se rexistra a taxa máis alta de natalidade en América Latina, o empobrecemento das persoas medra igual que as migracións e van en aumento os

embarazos en nenas (11 e 14 anos) e as denuncias por violencias machistas.

Morales defende como parella única permitida, a que integran un home e unha muller; que a mal chamada “ideoloxía de xénero” atenta contra a harmonía familiar; que a educación sexual unicamente corresponde a pais e os que propugnan postulados distintos aos seus son “inimigos internos” (concepto utilizado durante a guerra para reprimir), xa que fomentan a polarización social.

Ademais do seu rumbo pentecostal, no que a palabra de deus destaca, altos funcionarios da presidencia da República exteriorizaron a súa oposición a obedecer a resolución da CC que ordear deixar entrar a Guatemala, a Iván Velázquez, que foi ratificado como titular da Comisión Internacional contra a Impunidade en Guatemala (CICIG) polo xefe de Nacións Unidas, Antonio Guterres, contrario a unha orde presidencial que o prohibiu porque, supostamente, atenta contra a soberanía nacional.

Ademais, manifestaron o seu rexeitamento cara a outro dictame da CC, que ordena a realización dunha consulta comunitaria previamente a que a Mina San Rafael reanude as súas funcións (explotación de prata, cobre, zinc e, en menor medida, ouro). Nesta oposición, ademais de funcionarios de goberno de alto nivel, figuran cámaras empresariais e ex maxistrados conservadores que coinciden en impór os proxectos “de desenvolvemento” a pesar de que son rexeitados pola poboación dos territorios onde se executan, porque destrúen bens naturais, benefician principalmente a inversionistas estranxeiros e é escasa a súa oferta laboral.

CONGRESO DA REPÚBLICA CON MAIORÍA REACCIONARIA

A lexislatura actual concertou un “pacto de corruptos”, integrado por deputados que intentan legislar en función das esixencias evanxélicas, cualifican de “enfermos” á poboación LGTBI e como un atentado á familia e o dereito á vida os postulados feministas.

Outra das súas características é favorecer os intereses empresariais que acumularon capital a través do modelo extractivista. Os integrantes do “pacto de corruptos” defenden as fontes de financiamento ilícito como son: a construción de infraestrutura, a compra de medicamentos, a contratación de servizos, entre outras. Aspiran a cooptar o Sistema de Xustiza.

Este grupo de parlamentarios tamén pretende a reelección ininterrompida e o cambio de bancada sen restrición algunha, así como restar poder de decisión ao Organismo Xudicial en casos de desaforamento de funcionarios públicos, inculpados en feitos de corrupción, tarefa que queren que sexa exclusiva do Congreso da República.

As demandas sociais, como a lei que buscaba unha reparación digna para nenas violentadas sexualmente e apoios económicos para mulleres rurais, son ignoradas. A agrupación Xustiza Xa denunciou que 129 (do total de 158) deputados intentan cambiar as regras de manexo de financiamento electoral para salvar a financiadores e secretarios xerais de partidos políticos.

ALTOS FUNCIONARIOS PÚBLICOS SENTENCIADOS

A función pública estivo impregnada por feitos de corrupción neste país centroamericano, nos que se simulou facer actividades comerciais a fin de apoderarse de recursos do Estado, práctica que -a partir de 2015- se demostrou mediante a actuación conxunta do Ministerio Público (MP), a cargo de Thelma Aldana, e de CICIG, dirixida polo comisionado Velázquez.

A pesar do litixio malicioso exercido por ex funcionarios gubernamentais e os seus avogados, **existen varias sentenzas que demostran plenamente cómo estes se apoderaron, baixo o amparo dos seus cargos, de importantes sumas de diñeiro**; por exemplo: a ex vicepresidenta da República, Roxana Baldetti; o ex ministro de Gobernación, Mauricio López Bonilla; e o ex titular do Instituto Guatemalteco de Seguridade Social (IGSS), estes dous últimos pertenceron á cúpula militar.

Nos procesos xudiciais que se seguen figuran como presuntos inculpados ademais: o ex presidente da República, Otto Pérez Molina; varios ex maxistrados e ex ministros, entre eles, Williams Mancilla, ex titular da carteira de Defensa Nacional, así como dous familiares do mandatario, Sammy Morales e José Manuel Morales, irmán e fillo.

Todos estes casos foron presentados por MP e CICIG, nos que tamén figuran grandes empresarios, cuxos resultados son os que motivaron a Jimmy Morales a impedirle a entrada a Guatemala ao comisionado Velázquez e opoñerse á extensión do mandato da devandita comisión de Nacións Unidas.



En sentido contrario, movementos cidadáns departamentais e na capital, onde destaca a participación estudiantil e de poboación urbana, demandan intensificar a persecución penal contra as persoas corruptas. Esixen a renuncia do presidente da República e dos deputados, respectar o ordeamento constitucional, reencauzar a acción lexislativa e defender o Estado laico.

UN GOLPE DE ESTADO ESTÁ EN MARCHA

Mulleres indíxenas e mestizas, que participan en diferentes espazos, constituíronse nunha asemblea permanente para rexeitar enerxicamente o Golpe de Estado que se está implantando, ante a desobediencia das resolucións da CC e a militarización, que se observa co fortalecemento do exército, a súa maior inxerencia en decisións nacionais e presenza constante nas rúas e comunidades onde hai movementos de resistencia.

Para a denominada asemblea de mulleres, a impunidade “afecta de maneira importante porque se nos nega o acceso a servizos públicos, impón peores condicións de traballo e alimentación, reproduce violencias en distintos ámbitos da nosa vida, ademais suprime oportunidades en comunidades rurais e barrios urbanos”.

Representantes dos diferentes movementos sociais denuncian constantemente os ataques contra defensoras e defensores de dereitos que loitan polos seus recursos naturais e territorios. O máis recente feito ocorrido en outubro, foi na comunidade de Ixquis (departamento de Huehuetenango), onde se puxo de manifesto a existencia dun plan para promover unha nova onda de criminalización contra pobos que rexeitan os proxectos mineiros, hidroeléctricas, agricultura extensiva.

En Guatemala estase a violar o libre acceso á información, así como a liberdade de expresión e de crenzas, mediante a difusión de discursos de odio, campañas de desprestixio e manipulación de informacións públicas.

O que importa resaltar é que neste país, ao igual que noutros do continente (Brasil, Colombia, Costa Rica), a difusión de consignas relixiosas fundamentalistas ten o obxectivo de controlar as persoas para manter os seus proxectos de acumulación, mentres que a militarización busca reprimir o descontento social e fomentar o medo na cidadanía. Todo isto, contrario ás esixencias democráticas. 🗣️





Caso

Berta Cáceres: houbo unha sentenza, pero non xustiza

Gustavo Castro Soto

Otros Mundos AC · Chiapas, México

Na noite do 2 de marzo de 2016, catro sicarios entraron na casa de Berta Cáceres para asasinarnos. Ela faleceu uns minutos despois. A súa loita contra a represa Agua Zarca da empresa DESA, significaba unha afronta contra un dos poderes económicos e políticos máis fortes en Honduras

Os donos de DESA, a familia Atala, contan con bancos e outras grandes empresas, así como estreitos vínculos coa clase política que se impuxo no golpe de Estado de 2009. Habería entón que eliminar o COPINH empezando pola líder indíxena. Pero cometeron un erro. Houbo un sobrevivente, unha testemuña.

Non se produciu unha mobilización social, mediática e política en todo o mundo como a que se xerou co asasinato de Berta.

Inmediatamente o Poder Xudicial, Ministerio Público, xuíces, maxistrados e todo o seu arsenal intentaron blindar a empresa DESA así como aos seus donos, para separalos do asasinato que conmoveu o mundo enteiro. Pero, ao parecer, tamén a si mesmos, xa que moitos políticos están involucrados dunha ou doutra maneira. Por isto, dende un principio manipularon probas e evidencias, falsearon testemuños, impedíronme saír do país de maneira ilegal, o que considero un secuestro de Estado, prohibiron ilegalmente á miña avogada exercer a profesión para deixarme na indefensión, intentaron criminalizar a propia organización de Berta. Houbo máis hostilidade e represión contra a súa organización, entre tantas anomalías e ilegalidades.

Entón decretaron o "secreto" do expediente para non facer patentes tantas irregularidades procesais e o goberno negouse á creación dunha Comisión Independente que investigara a verda-

de do crime. E, ante a forte presión para liberar o expediente e que as vítimas tivéssemos acceso aos documentos, seis meses despois a maxistrada do caso decide levar o expediente para a súa casa e róubanllo no camiño.

Dous meses despois do asasinato, o goberno non tivo opción e viuse na obriga de avanzar a investigación sobre os autores materiais e retén en prisión preventiva aos primeiros sospeitosos de ter participado no crime. Durante 2016 e comezos de 2017 leváronse a cabo o resto das detencións e o calvario de anomalías e bloqueos por parte do goberno para avanzar nas investigacións. Durante as audiencias que se suspenderon continuamente, o Ministerio Público e a Fiscalía negáronse sistematicamente a presentar información e as peritaxes necesarias permitindo que a data final dos dous anos e medio para dar fin á prisión preventiva se achegara: o 5 de novembro de 2018.

Pese a todas as demandas e recursos interpostos, o Tribunal convocou a xuízo en xuño de 2018, que foi suspendido, despois en setembro e finalmente en outubro, de xeito ilegal, sen ter rematado o debido proceso, sen ter solucionado os amparos interpostos e a recusación do Tribunal. Así reza o comunicado asinado por moitas organizacións internacionais: *"Ten sido evidente como a conducción da fiscalía integrada polos fiscais Ingrid Figueroa, Melissa Aguilar, Javier*





Núñez, David Salgado, Roger Matus, Roberto Blen, baixo a dirección do Fiscal Xeral, Oscar Chinchilla, significou, de mala fe e mesmo dolo, a obstaculización do proceso xudicial, ao evitar a realización de peritaxes, entorpecer o debido proceso, ocultar información, operar con negligencia nas investigacións, imposibilitar a análise de probas e peritaxes, así como evitar a toda costa a análise de probas das violacións de morada que implican á empresa DESA e á familia Atala".

Os xuíces do Tribunal de Sentenza responsables da resolución, Esther Carolina Flores, José Anaím Orellana e Delia Lizeth Villatoro, negaron que o COPINH sexa recoñecido como vítima; tampouco se admitiu a solicitude de testemuñas claves que dean fe da actuación de empregados de DESA fronte ao crime; negan a transmisión en vivo das audiencias e do xuízo e péchanse con cadeas rodeando o Tribunal de policía para impedir mesmo o acceso ás familias e membros do COPINH ao "Xuízo Oral e Público".

Así, o Xuízo non só se convoca de maneira ilegal en tres ocasións, senón que ademais é ilexítimo. Non ten credibilidade procesal, xurídica, legal, nin das vítimas nin da opinión pública nacional e internacional. Incorreuse en responsabilidades penais. Actuou o Tribunal violando o

debido proceso e as súas propias leis. O Xulgado, o Tribunal de Sentenza, a Corte de Apelación, a Sala do Constitucional e o pleno da Corte Suprema de Xustiza, todas as instancias do Poder Xudicial pecharon filas coa ilegalidade e a impunidad. Xa ninguén os cre.

A pesar de estar recusado polo COPINH e a familia de Berta, o Tribunal foi convocado descoñecendo a representación legal das vítimas. Así, sen documentos suficientes, sen peritaxes axeitadas, sen todas as testemuñas, sen avogados das vítimas, pechados baixo cadeado, rodeados de policía, sen deixar entrar a familiares de Berta e membros do COPINH para escoitar o proceso, levaron a cabo o xuízo máis vergoñento para a historia de Honduras. Este é o marco da sentenza dos imputados.

O 2 de marzo de 2016, ás 11:40 da noite asasinaron a Berta. Pero non morreu, porque se multiplicou e regresou en miles e miles que claman xustiza. O COPINH seguirá a súa loita valente en defensa da vida e a favor do fermoso pobo hondureño. E, a pesar de todo, foi derrotado o sistema xudicial de Honduras porque non caeron nas súas trampas para xustificar e avalar a impunidad. Como ben dixo Berta: "Vós tenés la bala... eu a palabra. A bala morre ao estourar.... a palabra vive ao replicar". 🗣️



Honduras e a necropolítica

Alex Guillamón

coordinador de Entrepobos



“[...] Nas colonias o dereito soberano de matar non está sometido a regras legais e institucionais [...]”. “A concentración de actividades relacionadas coa extracción de recursos valiosos nestes enclaves convérteos en espazos privilexiados de guerra e morte.” Achille Mbembe, Necropolítica y Sobre el poder privado indirecto

Os pasados outubro e novembro milleiros de hondureños e hondureñas saíron nas noticias de todo o mundo. Organizáronse en caravanas colectivas de migrantes e botaron a andar, en moitos casos en familia, e coas mínimas pertencenzas que podían carrexar. O obxectivo era atravesar Guatemala e México para chegar aos EE.UU. Fuxen da pobreza e a violencia. É, á vez, un xesto de pura sobrevivencia e de denuncia implícita, un berro desgarrado, se hai alguén que queira oílo, sobre a insostenible situación que vive a xente das clases populares en Honduras, e por ter perdido calquera indicio de esperanza de atoparlle remedio.

Hai unha gran e lóxica intuición en non querer seguir camiñando individualmente, como carne de canón de toda clase de mafias e fronteiras policiais, o itinerario da migración, senón facelo coa protección que dá o colectivo. As imaxes lembrábons inevitablemente o éxodo provocado pola guerra de Siria.

Pero, se en Honduras non hai guerra... de que fuxe desesperadamente toda esta xente? Se se puidese resumir nunha soa palabra: fuxen do desenvolvemento.

Durante décadas mantívose un malentendido con isto do desenvolvemento. Parecía que se trataba de que os países “subdesenvolvidos” accedían ás mesmas cotas e modelos, económicos, sociais e políticos dos países “avanzados”. Pero

a historia demostrounos teimudamente que o desenvolvemento capitalista “realmente existente” non funciona así, senón que evoluciona de xeito desigual e en traxectorias diversas, segundo a función que cada país ten adxudicada dentro da división internacional do traballo.

A función primordial de América Latina na orde global do século XXI -con gobernos neoliberais ou progresistas- é a de subministrar materias primas para a súa transformación noutros países como valores de consumo. Si..., é un deseño nada orixinal, xa son máis de 500 anos de veas abertas.

É dentro deste deseño que podemos dicir que hoxe Honduras é, por desgraza, un dos países máis desenvolvidos. Especialmente despois do golpe de estado de 2009 o país experimentou un gran empuxón do desenvolvemento:

- Coa nova lei de mineiría de 2013 foron aprobados 384 proxectos mineiros, outorgados 850 títulos e delimitadas 950 zonas de reserva mineira. Todas estas solicitudes en proceso, afectan a preto de 350.000 hectáreas. Todo iso pese a que, entre 2000 e 2015, a mineiría contribuíu en menos do 1% ao PIB, e era o sector que creaba menos emprego no país.
- Os cultivos extensivos de palma africana ocupan máis de 300.000 hectáreas, e están en fase de expansión, principalmente para a produción de agro-combustíbles. Estas plan-



tacións consumen a mesma cantidade de auga que 18 millóns de persoas -nun país de 8 millóns de habitantes-.

- Nestes últimos anos aprobáronse 48 proxectos de grandes represas e outras 123 de menor tamaño.
- E todo iso sen contar os territorios acaparados para as infraestruturas turísticas.

O inconveniente para as empresas extractivas é que en todos estes territorios vive xente, á que hai que desposuír -eludindo a obriga de consulta- das súas terras, ríos, fontes de auga, zonas de pesca...

É posible gobernar a gusto de Alexis de Tocqueville en países con este extremo desenvolvemento? As elites locais, e as bolsas de Wall Street, Shangai, Toronto ou Frankfurt non o ven viable. Non hai espazo para pactos sociais. Probas disto tivémolas co golpe de estado de 2009, e máis recentemente en novembro de 2017, co

o 64,5% e a desigualdade é a máis alta de América Latina. Por todo iso entre 80.000 e 100.000 persoas emigran cada ano só aos Estados Unidos.

Só tomando conciencia deste contexto se pode valorar en toda a súa dimensión a tarefa de resistencia das comunidades e as organizacións populares en Honduras... ou na veciña Guatemala. Dende as mulleres *poboadoras* que se erguen cada día intentando non pensar na heroicidade que supón seguir vivindo, ata as organizacións e persoas concretas (indíxenas, garífunas, campesiñas, estudantes, feministas, colectivos LGTBI) que se atreven a levantar, contra todo prognóstico, a súa voz, o seu nome e o seu corpo para defender os dereitos da súa xente e da natureza.

Nestes días en que o xuízo polo asasinato de Berta Cáceres erra no labirinto da imaxinaria xustiza hondureña -xenerosamente sub-



clamoroso "pucherazo" nas eleccións presidenciais, tras a suspensión do recuento durante máis de tres días cando gañaba o candidato da oposición, co nariz tapado da "comunidade internacional", Comisión Europea en primeiro lugar.

Un país así require un goberno de xestores sen escrúpulos do necropoder e os necronegocios. Outro tipo de gobernabilidade requiriría un deseño e unha traxectoria diferentes para Honduras.

E, efectivamente, o ano pasado Global Witness publicaba o informe "Honduras, o país máis perigoso do mundo para o activismo ambiental", onde se di que "as industrias extractivas co apoio de elites políticas e empresariais e funcionarios corruptos están detrás do acoso ata o asasinato de activistas".

Honduras ten un dos maiores índices de violencia no mundo. En 2017 rexistráronse 389 feminicidios. A taxa de pobreza atinxe

vencionada pola cooperación española, por certo- organizacións de solidariedade e dereitos humanos presionan á comunidade internacional para denunciar todas as irregularidades na instrución do caso. Neste episodio xogámonos moito máis que conseguir xustiza para Berta. Detrás hai dúcias de activistas e membros de comunidades que non son tan visibles nos medios de comunicación, heroínas cotiás da primeira liña de resistencia ante a necropolítica do desenvolvemento.

Non é unha cuestión de altruísmo, trátase de saber ata que punto o noso futuro está cada vez máis ligado ás súas resistencias. Do mesmo xeito que o seu está cada vez máis ligado á nosa capacidade de facer fronte ao ascenso do fascismo, as políticas do medo e a seguridade, e ao poder corporativo nos nosos países. 🇵🇷





Nun principio, os tratados entre países ou zonas político-xeográficas servían para facilitar e promover o intercambio comercial a través da redución ou eliminación dos aranceis, pero agora a tendencia é abranguer aspectos que se consideran obstáculos á 'libre' circulación de bens e servizos

Estes obstáculos son aquelas normas e políticas que buscan protexer a produción e as empresas locais, algúns sectores estratéxicos, a igualdade e os dereitos laborais, ou a seguridade no consumo, entre outras. Moitos destes tratados, ademais, inclúen un capítulo de investimentos co fin de garantir a circulación do capital, impulsando a privatización dos servizos públicos e a mercantilización de sectores relacionados con dereitos básicos. Os tratados de nova xeración van un paso máis alá e implican sectores que antes estaban totalmente alleos á lóxica do lucro. Son un instrumento clave para extender a lóxica da acumulación a todos os aspectos da vida.

No ano 2014 nacíu a Campaña Non ao TTIP no Estado español. Unha campaña que trataba de informar, formar e concienciar sobre as consecuencias dos novos modelos de Tratados de Comercio e Inversión (TCI), e en especial das negociacións deste tratado trasatlántico. Despois, atopámonos no medio dunha onda de novas negociacións de tratados como o CETA (o tratado con Canadá) e o TISA (o tratado que pechaba o círculo e puña en venda os servizos); e moi especialmente contra os tribunais privados nos que as grandes corporacións demandan aos estados por decisións que consideran perxudiciais para os seus investimentos (ISDS).

Durante estes catro anos, o obxectivo fora – sobre todo – paralizar estes tres tratados. Logramos algunhas vitorias, a máis importante delas foi a de artellar unha rede estatal, europea e internacional que puxo sobre a mesa o alcance da ferocidade do capitalismo. Unha rede que conseguiu reunir 3.263.920 sinaturas en 23 estados da UE e a aprobación de resolucións contra estes tratados en máis de 2.000 municipios e rexións.

Agora mesmo o TTIP está paralizado –porque a administración Trump prefire esperar o momento de obter máis vantaxes comerciais fronte á UE– e o CETA (en vigor mesmo de maneira provisional) aínda segue pendente dunha dúbida ratificación nalgúns parlamentos estatais.

NOVA ETAPA DE ACCIÓN CONTRA OS TRATADOS DE COMERCIO E INVESTIMENTO

